


Sociedade

"Son a cabeza do iceberg dun movemento da dereita máis reaccionaria; trae lembranzas do franquismo"

[GZnación / Eva Fuentes / 16 Xul 08]



"É algo complexo e programado. Eles son a cabeza do iceberg dun movemento da dereita máis reaccionaria; trae lembranzas do franquismo, de formas que xa pensaba caídas no esquecemento". Son palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg), un colectivo que unido con autores cataláns e vascos na Federación "Galeusca" emitiu hai uns días un **Manifiesto** (que conta xa con case 300 apoios) en resposta ao 'Manifiesto por la lengua común'.

Segundo Sánchez Iglesias, cando se creou "Galeusca", xa tiveron en conta que ademais de debater temas literarios iniciaban "unha nova etapa que nos levaba a intervir en todo aquilo que tivese que ver coas nosas literaturas nacionais e os idiomas que as sustentan". Así, visto todo o alboroto que se montaba co 'Manifiesto' promovido, entre outros, por Fernando Savater, Albert Boadella, Arcadi Espada o Mario Vargas Llosa, "pensamos que era importante facer unha chamada de atención dentro dos nosos propios países poñendo uns puntos en común de problemáticas común aos tres idiomas, e que de alguna maneira fose unha alerta ante a campaña que se está a dar cun apoio mediático moi forte de prensa da capital do Estado que fixara a nosa posición con respecto ao tema".

Ademais, "o manifesto nace para defender o que somos, non nacemos para negar a ninguén. En canto vemos que se está impoñendo na opinión pública ideas que son falsas, é unha obriga de calquera escritor e de calquera traballador do idioma clarificar alí onde eles queren crear sombra", engade o presidente da Aelg.

Como ben di Sánchez Iglesias, o 'Manifiesto' conta cun importante apoio mediático, sobre todo do xornal 'El Mundo', quen cada día enche a súa portada con este tema. Ante isto, o presidente da Aelg afirma que "hai determinadas coincidencias que levan a que non foi un acto puntual dunha serie de intelectuais españois se non que hai todo un movemento nacionalista español no sentido de querer impor, de querer que haxa regresións nos dereitos das outras linguas peninsulares".

Así mesmo, o escritor cre que toda esta "eclosión" de movementos españolistas e contrarios ao uso do galego, catalán e vasco se debe a que "é o momento no que as tres nacións están a demandar novas competencias para o seu autogoberno e hai unha nova dereita que é a de sempre per con formas novas que quere poñer no centro do debate con argumento falsos problemáticas en relación ao español".

"É un momento duro, difícil"

Aínda que Cesáreo Sánchez Iglesias recoñece que este "é un momento duro, difícil" e que "nunca foi fácil para o noso pobo a defensa dos seus dereitos", di que está "convencido de que o noso pobo vai, pouco a pouco, tomar conciencia da necesidade de que o seu idioma é o que o identifica como tal e necesariamente ten que defendelo".

"Eu creo que moitas veces os problemas aparecen no camiño de cada pobo e se pon os medios necesarios para resolvelo, pode fortalecer a longo prazo a propia dinámica social de defensa do

idioma, que é o que necesitamos, ser concientes de que temos que defendelo e usalo, defendelo usándoo no día a día en todos os ámbitos, normalizándoo", engade o escritor.

Así, o presidente da Aelg defende que "a nosa actitude é de convivencia democrática e de mutuo respecto, respetamos e esiximos ser respetados". O problema "non nace dunha situación de confronto, senón de defensa do propio", engade Sánchez Iglesias.

Precisamente, un dos principais temas que preocupa aos autores e asinantes do 'Manifesto' é a educación dos seus fillos. Ante isto, o presidente da Aelg ten claro que "a solución está na progresiva galeguización do ensino e que un neno poida ser escolarizado en galego en todos os ámbitos como non o é na realidade". "Un neno entra na escola sendo galegofalante e sae sen falalo. Hai que aumentar os usos e é unha responsabilidade da sociedade pero tamén da administración", engade.

Por último, Cesáreo Sánchez Iglesias salienta que co 'Manifesto' os escritores están "tentando excluir aos que escribimos noutras linguas que non son o español". Así, rematan o seu Manifesto recriminándolle que "no canto de se preocuparen pola saúde do español en Puerto Rico, Costa Rica ou os Estados Unidos, se dediquen a combateren o máis próximo e asimetricamente discriminado".

Redes sociais



4 comentario(s)

1. El Mundo, uns artistas para crear cortinas de fume, acabouse a función da teoría da conspiración para desviar a atención dos verdadeiros responsaveis do 11M, e como teñen q seguir vendendo, inventan o Manifesto neo-facha.

Comentario por Tino (16-07-2008)

2. Menos mal que alguén lles sae ó paso a eses feixistas!

Comentario por Brais (16-07-2008)

3. A este respecto, e como complemento de algunhas das afirmacións do Cesáreo Sánchez, acho que é interesante una noticia que publica hoje o PG.

Comentario por Galeguzo (16-07-2008)

4. #3 PGL.

Comentario por Galeguzo (16-07-2008)

Deixa o teu comentario

Nome:

* Mail: (Non aparecerá publicado)

URL: (Debe comezar por http://)

Comentario: